

# EOI Ourense Normas para volver ás aulas con seguridade



Realice a [enquisa de autoavaliación diaria](#) e non acuda ó centro se presenta sintomatoloxía compatible coa COVID-19.

Leve en todo momento a máscara correctamente posta, cubrindo nariz e boca. Aconsellamos levar unha de reposto por se fose necesaria. Evite tocar a cara e os ollos.



Manteña a distancia interpersonal de **como mínimo 1,5 metros**. Respecte os itinerarios e a sinalización: A porta de entrada é a da esquerda, a outra porta é só de saída. Están indicadas as escaleiras de subida e de baixada e hai frechas no chan que indican o sentido da marcha. Circule en fila india, nunca en paralelo. Non forme grupos nos corredores, nin á entrada nin á saída.

Lave frecuentemente as mans. Nos aseos hai uns dispensadores coa etiqueta “desinfectante”. Conteñen espuma hidroalcohólica para hixienizar as mans, non precisa aclarado. Tamén hai xabón líquido e toallíñas de papel, así coma instrucións para lavar as mans correctamente. Na entrada do centro e en cada aula hai dispensadores de xel hidroalcohólico. Úseos.



Ó remate da clase, desinfecte o seu posto con papel desbotable e spray virucida.

Non fume nas proximidades da entrada do centro.

**Moitas grazas por ser responsables!** 😊